

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de maio de 2022.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de maio de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 25 de maio), de conformidade co establecido no artigo quinto da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de maio de 2022, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesorado dos centros integrados, tal e como establece o punto 2 do artigo quinto da citada orde.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo punto 4 do artigo 5 da dita orde, nomear directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro. O nomeamento referido no punto segundo desta resolución terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de xullo de 2022, incluído.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

José Luis Mira Lema
Director xeral de Formación Profesional



ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Centro integrado de formación profesional	Apelidos e nome	DNI
A Coruña	Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	Baamonde Couto, Ricardo	****810**
A Coruña	Ferrol	15021469	CIFP Leixa	Roel Ares, Ana María	****030**
A Coruña	Pontedeume	15025682	CIFP Fraga do Eume	Insua López, Fátima María	****001**
Ourense	Ourense	32015050	CIFP A Farixa	Paredes González, José Manuel	****223**
Pontevedra	Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio	Iglesias García, Iván	****917**

